

1.BIOGRAFIA

Marina Mayoral nacida en Mondoñedo, é profesora de literatura española na Universidade Complutense de Madrid. Entre os seus traballos de investigación e crítica literaria destacan os estudos sobre Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán, así como as análises de poesía e prosa contemporánea. Publicou en galego Unha arbore, un adeus (1988), O reloxo da torre (1988) e Chamábase Luís (1989). En castelán Cándida, otra vez (1979), Al otro lado (1980) , La única libertad (1982), Contra muerte y amor (1985), Morir en sus brazos (1989) e Recóndita Armonía (1994).

2.MARCO

	1ª e 3ª parte	2ª parte	2ª parte
TEMPO	Guerra civil	Guerra civil e despois	Despois guerra civil
ESPACIO	Rusia	España, América	España
LUGAR	Leningrado e Kirov	Galicia,Arxentina,EEUU	Galicia
P.PRINC.	Harmonía,Rosa,León	Carmiña	Neves
P.SEC.	María do Mar,mestra	Miguel, Henrique,	Xefe de Correos
	Directora Bolshoi	Mister Butwin	Carteiro

3.DATOS DA OBRA DA GUERRA

#Na obra falase dos roxos e na guerra un bando chamábase así.

#Na obra van rapaces fillos de soldados a orfanatos doutros países e na guerra pasaba o mesmo.

#A obra é bastante triste e a guerra tamén traía consigo tristeza.

#Na obra morren moitos homes e na guerra tamén morreron unha gran cifra de homes.

#Na obra hai amigos en bandos opostos e na guerra tamén quedaron separados amigos a causa da guerra.

4.AUTOBIOGRAFÍA

A obra é unha obra autobiográfica porque a autora conta vida de alguen en forma dun libro. Neste caso a autora conta a vida do seu avó a quen lle dedica o libro.

5.ANÁLISE DOS PERSONAXES

HARMONÍA

Harmonía é garimosa e lista. Ten unha cara pálida e uns doces ollos pardos que enamoran a León. Está marcada polo sufrimento de ter que abandonar a súa terra dende pequena.

ROSA

Rosa é igual cá Harmonía de garimosa e lista. Ten unha cara guapa e expresiva, ollos claros e pelo loiro. Parece pequena por fóra pero entende cousas da vida que calquera rapaza da súa idade non sabería.

MIGUEL

Anque estudiou maxisterio, na guerra era tenente. Era arriscado e isto demostrouno ó salvar ó seu amigo Henrique dunha morte horrible.

HENRIQUE

Tamén era mestre, era fillo dun xeneral sublevado, anque él respetaba ás ideas dos demais sen facer mal a ninguen. Morreralle a muller no parto canda o seu fillo. Él tiña unha filla.

LEÓN

Era alto e fraco. Tiña ollos tristes, negros e brillantes, era tímido. Harmonía quixolle borrar os ollos tristes que tiña e conseguiu.

OS EMPREGADOS DE CORREOS

Eran desconfiados e ata algo tan simple como unha carta dunhas fillas ó seu pai pensaban que tiña algun mensaxe espía. Eran coñecidos de Harmonía e Rosa.

A TIA NEVES

Era tía de Harmonía e Rosa. Non se leva ben coa nai de Harmonía e Rosa anque no fondo tenlle aprecio. Era máis ben fea, apousada, e máis indecisa ca Carmiña.

MISTER BUTWIN

Era un home ocupado, parecía un neno grande anque era boa persoa, era simpático, non era feo e soupo gañarse o amor de Carmiña.

MARIA DO MAR

Era garimosa, nova. Viste como unha señora maior e tenlles moito aprecio a tódolos nenos. É capaz de crear amor nun tempo tan horrible como é unha guerra.

6. ESTRUCTURA

• RESUMO

1ª PARTE

Harmonía e Rosa foron a Rusia, instaláronse e Harmonía viu un rapaz que o sorprendeu porque tivera unha vida moi triste. Rompeu un xoguete que lle regalaran e desatouse alí toda a tristeza que levaba dentro, tanta que caeu enfermo. Chamábase León. No orfanato mandáronlles escribir unha carta a seus pais e Harmonía non sabía que poñer. Ó final fixo unha carta ás prisas pero chea de sentimentos.

León saliu do hospital e Harmonía non quería que se fora para outro orfanato. Ó final volveu.

2ª PARTE

Mentres en España, Miguel e Carmiña seguían na guerra, Miguel viu un día ó seu amigo Henrique apresado. Miguel salvouno a pesar de estar no outro bando. Un día morreu Miguel. Logo acabou a Guerra e Carmiña mediante varios contactos chegou a América e alí a sorte fixo que se casara cun home en boa posición económica. En Galicia chegou a carta de Harmonía e Rosa e a tía Neves non a quixo recibir por consello do

seu marido.

3ª PARTE

En Rusia, Harmonía acabou enamorándose de León, a Rosa ofrecéronlle un posto de bailarina que aceptou e a levou á fama. Cando se fixeron adultos decidiron volver a Galicia e non volveron saber nada de súa nai.

6.2 HISTORIA DE AMOR

A obra é unha historia de amor porque aínda que hai historias paralelas todas están en torno á historia de amor de León e Harmonía.

7.INFORMACIÓN DA GUERRA CIVIL

A guerra civil española foi un conflito bélico que deu comezo en 1936 a raíz da sublevación dun sector do exército contra o goberno da II República española e que se acabou en 1939 ca victoria dos rebeldes. O triunfo de éstos permitiú a instauración dun rexime dictatorial encabezado polo xeneral Francisco Franco, principal dirixente militar e político dos sublevados , que substituíu ó sistema parlamentario republicano.

CONSECUENCIAS

A principal consecuencia da guerra foi a gran cantidade de perdas humanas , non todas elas atribuíbles ás accións propiamente bélicas e si moitas delas relacionadas ca violenta represión exercida ou consentida por ambos bandos, entre as que se poden incluír tamen as mortes producidas polos bombardeos sobre poboacións civís. Nun nivel inmediateamente inferior podese considerar como consecuencia destacada o elevado número de exiliados producidos polo conflito, algunhas das cales principais figuras políticas constituíron durante moitos anos o goberno republicano no exilio.

No que respecta ó aspecto económico, as consecuencias principais foron a perda de reservas, a diminución da poboación activa, a destrución de infraestruturas viarias e fabrís, así como de vivendas, e, en fin o afundimento parcial do nivel de renda. A maioría da poboación española houbo de padecer perante a contenda e, tras rematar ésta, ó longo das décadas de 1940 e 1950, os efectos do razoamento e a privación de bens de consumo.

8.OPINION PERSOAL

Gustoume este libro porque trata a vida de dúas rapazas que viven no tempo da guerra e teñen que ir a Rusia. Tamen me gustou porque trata da guerra e explícanos a vida da guerra e as consecuencias da guerra.

Para buscar información mirei en Enciclopedia Microsoft Encarta 2000.